Teléfono: 986 812103

Asociación xuvenil "La Tarima"

E.T.S.E. Industriais Lagoas - Marcosende. Vigo

Teléfono: 986 812103

MARAVEDÍ Asociación xuvenil universitaria

E.U.E. Empresariais R/ Torrecedeira 105. Vigo

Teléfono: 986 813724 Enderezo electrónico: maravedi@uvigo.es

O.G.D.G. Asociación Observatorio Galego da Débeda e a Globalización

Fac. de C.C. Económicas Despacho 433. Vigo

Teléfono: 986 128824

Asociación xuvenil "O Mestrua"

Deleg. Humanidades Campus universitario As Lagoas 32004 Ourense

O.P.I.C.O. Asociación xuvenil cultural Organización Precursora de Iniciativas do Campus de Ourense

Edificio Xurídico Empresarial Campus Universitario de Ourense As Lagoas 32004 Ourense

Teléfono: 685 328771

Enderezo electrónico: info@opico.es Web: www.opico.es

S.E.U. Sociedade de Estudantes Universitarios

Baixada á igrexa de Freixeiro. Vigo

Teléfono: 636 777581

S.L.E.M. Asociación de estudantes universitarios

Avda. Portugal 70, 2º 32002 Ourense

Teléfono: 988 224372

XES Asociación cultural universitaria

Fac. de Humanidades Educación Social. Ourense

X.O.E.V.I. Xóvenes Emprendedores Vigueses

R/ Pouleira, 1 36216 Vigo

X.U.C. Xuntanza de Universitarios Crentes

Avda. da Habana, 6 32600 Ourense

Teléfono: 656 260276

Para máis información: <http://extension.uvigo.es/> (apartado dedicado ao Asociacionismo).

7) MOBILIDADE

Mobilidade Estudantil Española:

A Universidade de Vigo está adherida ao programa de mobilidade estudantil coñecido como SICUE (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españois). Por medio deste programa é posible cursar parte dos estudos noutra universidade sen necesidade de traslado de expediente e coa garantía do recoñecemento automático das materias cursadas na universidade receptora.

Este programa está fundamentado nos acordos previos subscritos entre a Universidade de Vigo e outras universidades nos que se establecen as titulacións participantes e o número de estudantes que se intercambiarán entre elas. Varias titulacións da Universidade de Vigo participarán no programa, establecendo convenios bilaterais con varias universidades. Este programa está orientado a estudantes que xa cursan estudos na Universidade de Vigo e, para poderen participar, requírese ter superados polo menos 30 créditos no caso de diplomaturas e enxeñerías técnicas ou 90 créditos no caso de licenciaturas e enxeñerías superiores e ademáis estar matriculado na actualidade como mínimo en 30 créditos.

As administracións públicas convocan bolsas para favorecer estudantes universitarios, como e o caso das Bolsas Séneca.

Mobilidade estudantil internacional:

Os estudantes da Universidade de Vigo, dende o segundo curso da carreira, teñen a oportunidade de cursar parte dos seus estudos en universidades estranxeiras. A Universidade de Vigo, a través da ORI, asinou máis de douscentos convenios con universidades europeas e grazas ao programa Erasmus os estudantes poden cursar desde un mínimo de tres meses ata un curso completo en universidades de case todos os países de Europa. O período de estudos é recoñecido a volta na Universidade de Vigo.

Nos EEUU, co programa ISEP, os estudantes dos últimos anos de carreira ou de terceiro ciclo poden realizar nunha universidade americana un curso completo ou un semestre, elixindo entre máis de 90 universidades estadounidenses e unha ampla gama de programas de estudos.

Os estudantes da Universidade de Vigo tamén poden solicitar a través de internet as bolsas MAE que inclúen: bolsas para cursos de verán de linguas estranxeiras en países receptores de axuda oficial para o desenvolvemento, bolsas para estudos de posgrao no estranxeiro, bolsas Mutis para estudos de posgrao en países iberoamericanos e bolsas de cooperación cultural. A ORI ademáis difunde a convocatoria da AECI de axudas para lectores/as en universidades estranxeiras.

Para máis información:

ORI (Oficina de Relacións Internacionais):

Teléfono: 986 813550. Enderezo electrónico: ori@uvigo.es, ori1@uvigo.es

Para máis información: <http://www.uvigo.es/relaciones/>

8) BOLSAS E AXUDAS

A continuación indicamos, a modo de información, as axudas que se van convocando cada ano, como norma xeral, distinguindo por organismos convocantes.

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Bolsas de comedor, residencia.
- Bolsas de proxecto ou traballo de fin de carreira e teses de licenciatura.
- Bolsas de colaboración en actividades deportivas, culturais.
- Bolsas de colaboración no funcionamento das aulas informáticas da Universidade de Vigo.
- Bolsas para a Área de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.
- Bolsas de colaboración na enquisa de avaliación docente.
- Bolsas de investigación.
- Bolsas de viaxe.
- Axudas para realizar as teses de doutoramento en tit. déficit. en 3º ciclo.
- Bolsas de 3º ciclo.
- Bolsas predoutorais, predoutorais para estudantes estranxeiros.
- Bolsas de formación no CACTI da Universidade de Vigo.
- Bolsas de formación na Oficina de I+D da Universidade de Vigo.
- Bolsas de formación na Of. de Medio Ambiente da Universidade de Vigo.
- Axudas para o financiamento de proxectos de fin de carreira, teses de licenciatura e teses de doutoramento redactadas e defendidas en lingua galega.
- Bolsas de apoio a normalización da lingua galega na Área de Normalización Lingüística da universidade.

Para máis información: <http://www.uvigo.es/alumnado/bolsas/>

<http://extension.uvigo.es/> (apartado dedicado a Información Estudiantes).

XUNTA DE GALICIA

- Axudas a asociacións de estudantes universitarios, legalmente constituídas, das universidades galegas.
- Axudas de desprazamento para a realización de prácticas de campo recoñecidas nos planos de estudos correspondentes ás titulacións autorizadas pola Xunta de Galicia nas universidades galegas.
- Axudas a estudantes das universidades galegas para realizaren viaxes culturais de carácter pedagóxico.
- Axudas a estudantes con residencia en Galicia pero que realizan estudos de carácter oficial e validez nacional nas universidades públicas de fóra de Galicia.
- Financiamento de viaxes para estadias nalgún estado membro da Unión Europea co obxecto de coñecer a lingua dese país.
- Axudas complementarias do programa de acción europea de mobilidade de estudantes (Sócrates – Erasmus).
- Bolsas destinadas aos galegos/as e aos seus descendentes que residan en Iberoamérica e se incorporen ao sistema universitario de Galicia.
- Bolsas e axudas para a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou cursos de verán, destinadas a estudantes universitarios de segundo e terceiro ciclo ou recentemente titulados, tanto licenciados/as coma diplomados/as universitarios nalgunha das universidades galegas.
- Bolsas para realizar estudos relacionados coa Unión Europea no Colexio de Europa (Bruxas e Natolin) durante o curso académico.
- Bolsas e axudas ao estudo de carácter especial para estudantes galegos, descendentes de galegos/as ou residentes en Galicia que cursen estudos universitarios de primeiro ou segundo ciclo no curso actual, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e non previstas.
- Bolsas de residencia para a realización de estudos universitarios de 1º, 2º ou 3º ciclo, en centros da Comunidade Autónoma, destinadas aos galegos/as que residan fóra de Galicia e aos seus descendentes.
- Bolsas para o alumnado galego ou residente en Galicia, que desexe realizar os estudos fóra do sistema universitario de Galicia, como consecuencia da implantación do distrito aberto.
- Axudas para a mobilidade de estudantes das universidades do sistema universitario de Galicia adheridos ao programa de intercambio SICUE.
- Premios de fin de carreira de Galicia para o alumnado universitario que remate os estudos no ano actual.
- Axudas aos estudantes universitarios que cursen os estudos nalgunha universidade do sistema universitario de Galicia así como para aqueles estudantes universitarios que, tendo a súa residencia en Galicia, cursen os estudos nalgunha universidade de fora do sistema universitario de Galicia, interesados en solicitaren os créditos bancarios para o financiamento dos estudos universitarios de 1º ciclo e 1º e 2º ciclo, e prorrogar os concedidos na convocatoria anterior.
- Bolsas de colaboración nos departamentos das universidades do sistema universitario de Galicia.
- Axudas para os estudantes universitarios que queiran solicitar préstamos bancarios para financiar os estudos universitarios correspondentes ao curso actual. Estes préstamos terán uns xuros baixos.

Para máis información: <http://www.edu.xunta.es/portal/> (⇒ Consellería ⇒ Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia ⇒ Bolsas, axudas e premios)

AECI (AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL)

- Bolsas para realizar estudos e actividades no estranxeiro.

Para máis información: <http://www.aecid.es/06becas/intro.htm>

FUNDACIÓN BARRIÉ DE LA MAZA E BANCO PASTOR

- Diferentes bolsas para posgraos en EE.UU, Canadá, Europa e Gran Bretaña.
- Bolsas para estudos superiores a prol de fillos/as de emigrantes galegos.

Para máis información: <http://www.fbarrie.org/fundacion/gallego/home.htm>

MINISTERIO DE EDUCACIÓN POLÍTICA SOCIAL E DEPORTE

- Axudas para cursos de lingua inglesa en EE.UU e Canada.
- Axudas para auxiliares de conversación en diferentes países europeos e de EE.UU.
- Bolsas para estudos universitarios de 1º e 2º ciclo. Modalidade xeral e de mobilidade.
- Axudas para a mobilidade de estudantes SENECA.
- Bolsas para a realización do proxecto de fin de carreira para alumnado de ensinanzas técnicas.
- Bolsas de colaboración cos departamentos da Universidade de Vigo.
- Premios nacionais de fin de carreira.

Para máis información: <http://www.mepsyd.es/>

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

- Bolsas MUTIS destinadas a habitantes iberoamericanos, de Portugal e España para estudar en Iberoamérica ou Portugal.

Para máis información: <http://www.maec.es/>

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

- Bolsas Raíña Sofía: axudas para a realización de estudos universitarios a emigrantes españois.

Para máis información: <http://www.mtas.es/>

9) SERVICIOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA

A) BIBLIOTECAS

A Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo é unha unidade funcional de apoio á investigación, á docencia, ao estudo e á extensión universitaria. É un servizo xeral da universidade que ten como finalidade garantir a información documental necesaria para que a institución universitaria poida cumprir os seus obxectivos.

Todas as persoas que integran a comunidade universitaria son usuarios/as de pleno dereito.

Para acceder aos servizos que presta a Biblioteca Universitaria é imprescindible posuír a correspondente tarxeta, que será persoal, intransferible e valida para todas as bibliotecas da Universidade de Vigo.

Campus de Vigo

BIBLIOTECA CENTRAL DA UNIVERSIDADE

Enderezo: campus Lagoas-Marcosende. 36310 Vigo. Teléfono: 986 813853/54/25.
Teléfono de préstamo: 986 813847. Fax: 986 813847. Enderezo electrónico: biblio@uvigo.es. Enderezo electrónico de préstamo: prescen@uvigo.es.

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

Conta cunha superficie de 1.300 m² y 305 postos de lectura e dispón de conexión wi-fi para uso de portátiles. Ofrece, entre outros, os servizos de: lectura e consulta en sala, préstamo (nas súas diversas modalidades), información bibliográfica e consulta remota a recursos electrónicos contratados pola Biblioteca (bases de datos, portais de internet, revistas electrónicas, etc.) Ademais dos fondos bibliográficos en papel ubicados nas propias instalacións da biblioteca (47.599 monografías e máis de 1.000 coleccións de revistas-que inclúen estadísticas, documentos de traballo o working papers, etc.-) a biblioteca posibilita o acceso a todos os fondos bibliográficos e documentais da Universidade mediante o préstamo intercentros e a conexión en rede a unha extensa colección de revistas electrónicas e bases de datos. En concreto, 741.0809 libros, 24.134 publicacións seriadas (entre as que se atopan 17.782 revistas electrónicas), 83 bases de datos en liña, 6.546 materiais audiovisuais, así como documentos noutros soportes como son microformas, rexistros sonoros ou mapas.

Desde o catálogo da Biblioteca Universitaria http://biblio.cesga.es/search*spi~s1 se accede ós recursos bibliográficos das outras bibliotecas universitarias galegas (Universidades de Santiago e A Coruña) así como doutras bibliotecas galegas e do resto de España e estranxeiras que se poden consultar ou obter a través dos servizos de préstamo interbibliotecario.

A Biblioteca Universitaria, por último, conta coa certificación do sistema de xestión da calidade ISO 9001:2000, concedido pola firma DNV a finais do ano 2006 e é periódicamente auditada para manter os requisitos de sistema a que obriga a norma ISO

Enderezo: campus Lagoas-Marcosende. 36310 Vigo. Teléfono: 986 812408/09.
Fax: 986 812401. Enderezo electrónico: bibfcee@uvigo.es. Enderezo electrónico de préstamo: preseco@uvigo.es.

Para máis información: <http://www.uvigo.es/biblioteca/index.gl.htm>

B) ALOXAMENTO

O aloxamento universitario da Universidade de Vigo, destinado a proporcionarles aloxamento aos membros da comunidade universitaria, estrutúrase en complexos residenciais universitarios.

No réxime de acceso e permanencia a estes centros, tense en conta preferentemente criterios económicos, unha vez superadas as esixencias académicas. A convocatoria de prazas e as cotas que compre pagar nos centros residenciais da Universidade de Vigo publícanse no mes de xuño do curso académico anterior, como máis tarde, unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno da universidade.

Campus de Vigo

Complexo residencial universitario O Castro

Enderezo: rúa Xeración Nos, 4. Campus Universitario Lagoas-Marcosende. 36310-Vigo.
Teléfono: 986 031000. Fax: 986 031001. Enderezo electrónico: ocastro@uvigo.es e ocastro@resa.es. Páxina web: www.resa.es.

Localización: A residencia está situada no campus das Lagoas- Marcosende. A Universidade de Vigo ten un convenio coa empresa de transporte urbano para facilitarles aos estudantes a comunicación entre Vigo e o campus.

Características: Apartamentos individuais, apartamentos individuais con cocina compartida e apartamentos dobres con cocina equipada, baño completo, calefacción, teléfono propio e conexión informática (internet gratuita) e TV. Tamén dispón de apartamentos especialmente deseñados para persoas con minusvalía. Servizos comúns: sala de TV e vídeo, lavandaría, sala de informática, sala de estudo, sala de fotografía, aparcadoiro, sala multiusos e ximnasio.

Para máis información: <http://webs.uvigo.es/servicios/webext/residencias/>

C) INFORMACIÓN

O Servizo de Extensión Universitaria está organizado en catro áreas diferenciadas entre si, que teñen como obxectivo fundamental atender ao alumnado en moi diversos aspectos. Estas áreas son: a) Información ao estudante universitario (SIOPE), b) Actividades culturais, c) Actividades deportivas e d) Información á xuventude universitaria (OSIX).

a) SIOPE (Servizo de Información, Orientación e Promoción do Estudante)

Información ao estudante universitario: a comunidade universitaria, e sobre todo os estudantes desta universidade, teñen ao seu servizo un lugar onde poden atopar grande cantidade de información acerca do que a eles lles interesa. Este servizo é o SIOPE (Servizo de Información, Orientación e Promoción do Estudante), e está á túa disposición para o que necesites en temas informativos vinculados coa túa vida académica.

* Información xeral académica e administrativa: poderás atopar información acerca do acceso á universidade (selectividade e preinscrición), titulacións da Universidade de Vigo, titulacións do resto das universidades españolas, planos de estudos, bolsas e axudas ao estudo, programas de formación, masters e cursos de posgrado, cursos complementarios e de verán, seguro escolar, permanencia na universidade, etc. Ademais tamén de información sobre situacións de matrícula particularizada, información para estranxeiros/as e información xeral doutras universidades e outros, etc.

* Información sobre os servizos aos estudantes: como residencias universitarias, servizos universitarios, actividades deportivas, actividades culturais, actividades científicas, aloxamento e outros.

SIOPE (Servizo de Información, Orientación e Promoción do Estudante)

Edificio Miralles. Campus Lagoas - Marcosende 36310. Vigo (Pontevedra).

Telefono: 986 813630 / 813755. Fax: 986 813639. Enderezo electrónico: siope@uvigo.es.

Para máis información: <http://www.uvigo.es/servicios/siope/>

b) CULTURA

b.1. Actividades culturais:

Os obxectivos de Extensión Cultural poden resumirse en conseguir a “formación integral” do estudante e, por outra banda, que a sociedade sinta a universidade como algo próximo, como unha institución que contribúe á mellora da súa “calidade de vida” e que, en definitiva, se debe á propia sociedade. Estes obxectivos encamíñanse en dous planos:

- Dinamización e organización de actividades.
- Formación.

* Convocatoria de cursos de Extensión Cultural

O obxectivo que se pretende cos cursos de Extensión Cultural e completar a formación dos membros da propia comunidade universitaria, de persoas xa tituladas e de profesionais que demandan unha actualización e formación permanente.

* Convocatoria de obradoiros de Extensión Cultural

A través dos obradoiros, amplíase a oferta formativa as áreas culturais e expresivas que tendan a promover habilidades sociais diferentes das que forman parte do currículo académico das titulacións que se cursan. Búscase, ademais, chegar a contar con grupos en diversos ámbitos culturais que poidan representar á Universidade de Vigo en foros nacionais e internacionais.

* Convocatoria de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural

Trátase de promover a realización de actividades culturais nas súas máis diversas formas, que interesen a amplos sectores da comunidade universitaria e da sociedade en xeral. Deste xeito, organízanse ciclos de conferencias de interese xeral, que tratan temas de actualidade e permiten o debate e a crítica, e poténcianse as diversas formas de cultura que amplían o ambiente cultural universitario.

* Convocatoria de axudas para accións participativas e asociacionismo

Esta convocatoria ten como obxectivo o fomento das actividades organizadas por asociacións, integradas por estudantes da Universidade de Vigo, para a organización de actividades e a súa participación na dinamización sociocultural.

* Programación de Extensión Cultural

Dende a Vicerreitoría de Extensión Cultural trátase de fomentar a participación da comunidade universitaria e da sociedade, en xeral, en actividades de carácter cultural, solidario e deportivo. Nesta liña, ten unha programación continuada de actividades culturais que abranguen diferentes ámbitos:

- Unha programación musical variada en colaboración con diferentes grupos e cos conservatorios de música. Esta programación abrangue concertos (rock, música antiga, concertos de nadal, certames de coros, música folk, jazz, etc.) e obradoiros (de guitarra, piano, audicións musicais, canto, percusión, batería, etc.).
- Unha programación teatral que ten como punto culminante as Mostras Internacionais de Teatro Universitario que se celebran durante uns trinta días entre abril e maio en Vigo, Ourense e Pontevedra. A esta cita acoden grupos non só de toda España senón dos cinco continentes. Ademais desta cita, a universidade conta con diferentes grupos de teatro nos que calquera universitario/a pode integrarse. Estes grupos actuaron en diferentes mostras, certames, concellos e universidades.
- Unha programación cinematográfica na que se combinan as proxeccións de películas e conferencias para facer un percorrido entre diferentes etapas e estilos.
- Exposicións nos diferentes centros da universidade feitas non so por membros da comunidade universitaria, senón por artistas de recoñecido prestixio.
- Obradoiros de teatro, lingua de signos, gastronomía, cinema, fotografía, etc.
- Actividades de voluntariado e solidariedade coordinadas pola Área de Voluntariado e Participación da Universidade de Vigo (OSIX): apoio a universitarios/as con necesidades especiais, apoio a estudantes de nova incorporación, atención a infancia, voluntariado coa infancia, cooperación internacional, persoas maiores, apoio a diminuídos físicos e psíquicos, voluntariado cultural, medioambiental e deportivo.

DIRECTORIO

Vigo: Edificio Miralles. Campus Lagoas - Marcosende 36310. Vigo (Pontevedra).

Teléfono: 986 813603 / 813626. Enderezo electrónico: vicext@uvigo.es.

Ourense: Unidade Administrativa. Campus de Ourense, andar soto. Teléfono: 988 387198. Campus universitario "As Lagoas". 32004 Ourense.

Pontevedra: Área de Servizos a Comunidade. Facultade de Ciencias Sociais. Campus da Xunqueira, s/n. 36005-Pontevedra. Teléfono: 986 801949. Fax: 986 801997. Enderezo electrónico: siope-po@uvigo.es.

Para máis información: <http://extension.uvigo.es/>

b.2. Coro Universitario:

O coro da Universidade de Vigo foi fundado no ano 1990 para satisfacer unha necesidade evidente nunha cidade estudantil e cultural como Vigo, así como contribuír á potenciación da formación musical e cultural do alumnado da universidade, en especial dos futuros mestres/as de Educación Musical, realizar un labor de difusión cultural máis aló do marco da propia universidade e solemnizar os seus actos académicos.

Todos os anos, desde o 1 de outubro ata o 31 de decembro, se abre o prazo de inscrición para pertencer ao coro.

Cun rico e variado repertorio de máis de 300 obras, o coro universitario está aberto a todo tipo de música, desde obras polifónicas do Renacemento español, música clásica e moderna, canción latinoamericana, panxolinas, espirituais, ata a adaptación de coñecidas pezas corais tradicionais de diversas rexións e países.

Discografía: cinta casete (22 cancións) – CD (23 cancións) onde se repasa a música de cinco séculos, nos seus máis variados estilos.

Enderezo electrónico: coro@uvigo.es

Para máis información: www.uvigo.es/webs/servicios/webext/coro

c) DEPORTE

O Servizo de Deportes, integrado na Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes, ten como principal obxectivo facilitar e promocionar a actividade físico-deportiva entre todos os membros da comunidade universitaria cunha finalidade eminentemente recreativa e saudable.

* ACTIVIDADES DE OCIO-FORMACIÓN

Cursos monográficos: ioga, surf, escalada, tenis en familia, xadrez, escalada de perfeccionamento, ioga para as costas...

Escolas deportivas: aerobic, aerobic step, aerobox, aerodance, aerotono, aikido, aquagym, body pump (power), body tono, capoeira, natación, musculación, danza do ventre/danza oriental, G.A.P., G.A.P. acuático, G.A.P. tonificación, jiu-jitsu, wu-shu sanda, bailes de salón, full contact, ioga, judo, kick boxing, padel, squash, taekwondo, tai chi, tenis, ximnasia de mantemento...

* ACTIVIDADES DE OCIO-RECREACION

Delecer: golf, puenting, rappel voado, equitación, paracaidismo, parapente...

Augaventura, actividades no medio acuático: rafting, windsurf, curso de mergullo, curso de catamarán, curso de patrón de embarcacións...

Roteiros culturais: unha iniciativa que ofrece a oportunidade de coñecer os referentes culturais máis importantes do noso contorno, en conxunción coa práctica do sendeirismo e a exploración da natureza.

* ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN

Competicións internas: Máis de 3.500 xogadores/as en máis de 200 equipos convirten as Ligas Universitarias na actividade con maior participación de todas as organizadas polo Servizo de Deportes.

- Ligas universitarias: organizadas en distintas disciplinas: baloncesto feminino e masculino, balonmán masculino, fútbol 7 masculino, fútbol sala feminino e masculino, fútbol 11, voleibol feminino, masculino e mixto, e rugby masculino.
- Campionatos individuais: tenis (categorías feminina e masculina), tenis de mesa e xadrez.

Competicións interuniversitarias: As competicións internas da Universidade de Vigo teñen a súa continuidade coa celebración dos Campionatos Universitarios de Galicia e o Campionato Galego de Ligas Universitarias. Os ganadores/as pasan directamente a disputar os Campionatos de España Universitarios, nos que a Universidade de Vigo participa tamén en modalidades deportivas individuais.

Mención a parte merecen os Xogos Galaico-Durienses, competición anual na que participan as tres universidades galegas xunto coas tres do norte de Portugal (Universidade de Porto, Universidade de Tras-os Montes e Alto Douro e Universidade do Minho).

Seccións federadas: En deporte federado a Universidade de Vigo está presente con varios equipos nas disciplinas de rugby, xadrez, triatlón, tenis, baloncesto, deporte de orientación e ximnasia aeróbica.

* INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

A Universidade de Vigo conta con instalacións deportivas propias nos tres campus que poden ser empregadas tanto polos membros da comunidade universitaria como por usuarios/as e colectivos externos.

No Campus de Vigo contamos coas seguintes instalacións:

1. Edificio do Servizo de Deportes: Con salas de actividades dirixidas, aula para cursos e sala de xadrez.
2. Pavillón Polideportivo: Con pistas polideportivas, sala de cardio-fitness, zona de tenis de mesa e rocódromo.
3. Pistas de Tenis Exteriores
4. Pista Polideportivo Exterior

5. Campo de Herba Natural
6. Campo de Césped Sintético
7. Pista de Atletismo
8. Pista de Footing

9. Ademais no campus de Vigo pódese desfrutar tamén das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Universitario (CDU), que ten abertas as súas portas a todos os cidadáns.

10. Piscina: Con piscina climatizada de 25 metros, dúas saunas, unha bañeira de hidromasaxe de 6 prazas, unha sala de cardio-fitness, unha sala de actividades dirixidas.

11. Pista de squash (dúas pistas de squash con pavimento de madeira).

* ÁREA DE DEPORTE E SAÚDE

A área de deporte e saúde é unha proposta pioneira no ámbito universitario español que busca o tratamento individualizado de cada usuario para acadar os seus propios obxectivos.

Esta nova área ten dúas ramas:

Unidade de Medicina Deportiva: cun médico especialista que se encarga de facer unha valoración do estado físico de cada usuario: tensión arterial, espirometría, podoscopia, índice de masa corporal...

Unidade de Actividade Física Personalizada: con tres licenciados en CC. da Actividade Física e do Deporte que deseñan, planifican, desenvolven e avalian os Programas de Actividade Física específicos para cada usuario; tendo en conta a valoración médica inicial e os obxectivos de cada practicante.

Directorio

Web oficial: www.deportes.uvigo.es

Campus de Pontevedra: Fac. de Ciencias Sociais e da Comunicación. Andar baixo.

Teléfono: 986 80 19 17. Fax: 986 80 19 17. Enderezo electrónico: podepor@uvigo.es.

Campus de Ourense: Pavillón Universitario. Campus A Lonia.

Teléfono: 988 368926. Fax: 988 368927. Enderezo electrónico: depor-ou@uvigo.es

Campus de Vigo:

Edificio do Servizo de Deportes. Campus Universitario (información e inscricións).

Teléfono: 986 81 21 82/81 22 04. Fax: 986 81 40 61. Enderezo electrónico:

deportes@uvigo.es

Pavillón universitario (reserva de instalacións).

Teléfono: 986 81 40 59. Fax: 986 81 40 61. Enderezo electrónico: pavillon@uvigo.es.

Teléfono piscina: 986 46 85 31

d) OSIX. Oficina de Información á Xuventude da Universidade

A Osix, dependente da Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes da Universidade de Vigo, configúrase como un novo recurso de información que se engade aos servizos á comunidade universitaria existentes nesta universidade. É obxectivo da Osix garantir a difusión dunha información e documentación de interese para a mocidade universitaria.

A Oficina de Información á Xuventude, presente nos tres campus da Universidade de Vigo (Ourense, Pontevedra e Vigo), está especializada no conxunto de temas que constitúen as necesidades habituais de información da mocidade universitaria:

- Programas da Unión Europea: cursos de idiomas, viaxes para estudantes, bolsas, etc.
- Voluntariado: voluntariado social e cultural, cooperación internacional, etc.
- Asociacionismo: axudas, subvencións, etc.
- Carnés nacionais e internacionais que ofrecen prestacións á mocidade.
- Actividades e recursos culturais, educativos, de lecer e tempo libre, deportivos, etc.
- Programas e actividades medioambientais.
- Vivenda.
- Lexislación e recursos en materia de mocidade e aqueles temas que teñan interese.

Ademáis da información ao público (persoal, telefónica, por enderezo electrónico ou postal, en expositores, etc.) a Osix dispón dunha sección de autoconsulta onde se pode atopar información sobre os distintos temas de interese para a mocidade. Encárgase así mesmo da organización de sesións informativas sobre temas diversos e da actualización dos taboleiros informativos situados nos diferentes centros e residencias estudiantís da Universidade de Vigo.

CAMPUS DE VIGO

Edificio de Deportes. Zona deportiva. As Lagoas – Marcosende, 36310-Vigo.
Tlf: 986 814035 / 60. Fax: 986 814061. Enderezo electrónico: osix@uvigo.es.
E.U. de Estudos Empresariais. r/ Torrecedeira 105. 36208-Vigo.
Tlf: 986 813995. Fax: 986 813994. Enderezo electrónico: osix-to@uvigo.es.

Para máis información: <http://extension.uvigo.es/> (⇒ Información Estudiantes ⇒ Información Xuvenil)

D) VOLUNTARIADO E ACCESIBILIDADE

A Universidade de Vigo ten en marcha un plan de voluntariado, de acordo coa lexislación vixente (entre outras, a Lei de Voluntariado en Galicia e o Regulamento de Voluntariado da Universidade de Vigo). Este plan deseñase e xestionase a través da Area de Voluntariado e Participación, dependente da Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudiantes.

Obxectivos

Entre os obxectivos que se pretenden figuran: promover a integración da comunidade universitaria na realidade social e fomentar a súa participación en actividades voluntarias. Tamén, se leva a cabo a difusión da información sobre as actividades de carácter social organizadas polas ONG, institucións e entidades, en especial as que desenvolven a súa actividade nas localidades onde se atopan os campus universitarios da universidade (Vigo, Ourense e Pontevedra).

As iniciativas levadas a cabo nos pasados cursos académicos acadaron resultados altamente positivos, contribuíndo a sensibilización dos voluntarios/as e da propia comunidade universitaria sobre as necesidades existentes no seu contorno.

Accións

A Universidade de Vigo promove programas propios nos que os membros da comunidade universitaria poden desenvolver a súa actividade voluntaria. O requisito principal para ser voluntario/a e ter espírito de solidariedade e capacidade de compromiso para levar a cabo unha acción de voluntariado.

Ademáis deseñase cada ano un plan de formación no ámbito do voluntariado, aberto a todas as persoas interesadas e que se imparte ao longo do curso académico. Este plan de formación inclúe obradoiros de aprendizaxe no desenvolvemento solidario, seminarios de formación básica de voluntariado e cursos complementarios para afondar naqueles aspectos que posibiliten ás persoas voluntarias o mellor desenvolvemento da súa actividade neste ámbito.

Para máis información: <http://extension.uvigo.es/>

- Vigo: teléfono 986-814035/814060. Enderezo electrónico.: osix@uvigo.es, osix-to@uvigo.es

Tamén na Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudiantes.

Telefono 986-813603. Enderezo electrónico: vicext@uvigo.es.

Na páxina web principal da Universidade de Vigo (<http://www.uvigo.es/>), concretamente no apartado EXTENSIÓN CULTURAL E ESTUDANTES pódese atopar toda a información de interese para un estudante con discapacidade.

E) GABINETE PSICOPEDAGÓXICO

O gabinete psicopedagógico da Universidade de Vigo é un departamento destinado a ofrecer aos alumnos que o precisen unha orientación e asistencia, ben sexa, sobre aspectos estritamente académicos como outros máis persoais. Tanto uns como os outros poden influír de maneira negativa no adecuado desenvolvemento do ámbito académico como do ámbito socio-familiar. Por este motivo ofrecémosvos a axuda para que estes problemas se reduzan o máis posible. Por este motivo poñemos a vosa disposición os medios necesarios para resolver este tipo de problemas na comunidade educativa da Universidade de Vigo.

Obxectivos

- Prestar atención aos estudantes que o requiran nas diferentes áreas (orientación-educativo profesional; académica; psicolóxica) según sexan as demandas e necesidades.
- Académicas: técnicas de estudo, carreiras a elixir, orientación de cara as saídas profesionais da carreira...
- Psicolóxicas: ansiedade, autoestima, motivación, habilidades sociais,....
- Asesorar na planificación e desenvolvemento da traxectoria curricular e académica.
- Adecuar e optimizar as decisións académicas maximizando a variedade e posibilidades das saídas profesionais.
- Previr conductas e situacións de risco que poñan en perigo a motivación e, polo tanto, o desempeño académico.
- Mellorar o nivel de autoconhecimento e comprensión da realidade.
- Incrementar os niveis de autoestima e motivación persoal.
- Aprender a acadar e manter o benestar psicolóxico que todos dexemos e necesitamos.
- Previr situacións persoais de dificultade, transmisión e risco, recurriendo aos servizos e recursos de apoio e axuda pertinentes.

Atención

A atención psicopedagóxica faise de maneira individual a través de sesións, acordadas entre a psicopedagoga e o alumno. Son confidenciais e gratuítas.

Tamén ao longo do ano realízanse diversos obradoiros baseados nas problemáticas dos alumnos, e que lles serven de formación e de axuda para superar as diferentes dificultades que lles poidan acontecer o longo do curso académico.

Entre os obradoiros que se ofertan están os seguintes:

- Técnicas de estudo
- Aumentar a autoestima,
- Habilidades para falar en público
- Control da ansiedade nos exames
- Técnicas para mellorar a memoria

Solicitude dos servizos

Para contactar connosco pódese facer a través do teléfono 986813630 / 986 81 86 32 ou a través dun e-mail ao enderezo electrónico gabinetepsicopedagogico@uvigo.es.

A atención aos demandantes farase polas mañás de luns a venres de 9:00 a 14:00.

No campus de Pontevedra faise os mércores de 9:00 a 14:00.

Confidencialidade

Toda a información expresada polos estudantes, así como a demanda e acceso aos servizos é absolutamente confidencial.

Para máis información:

http://www.uvigo.es/servicios/siope/gab_psicopedagogico.gl.htm

F) EMPREGO

1. OFOE (Oficina de Orientación ao Emprego)

A Oficina de Orientación ao Emprego -Ofoe- crease no curso 1998-1999 como resultado do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo.

A Ofoe constitúe un recurso que presta un servizo integral de información, asesoramento, orientación, formación e xestión en aspectos relacionados fundamentalmente coas saídas profesionais, as prácticas externas en empresas e institucións e o emprego.

⇒ A Ofoe, presente nos tres campus da Universidade de Vigo -Ourense, Pontevedra e Vigo-, ten como **usuarias/os preferentes** a:

- Universitarias/os de todas as titulacións impartidas nos tres campus da Universidade de Vigo.
- Tituladas/os da Universidade de Vigo que teñan rematados os seus estudos.

⇒ Co obxecto de facilitar a inserción laboral, esta oficina, dotada de persoal técnico especializado en orientación para o emprego, **traballa para**:

- Proporcionar un servizo integral de información, asesoramento e formación no ámbito da orientación profesional para o emprego.
- Contactar permanentemente cos axentes sociais, económicos e institucionais para coñecer a situación do mercado laboral.
- Fomentar as oportunidades de achegamento a practica e ao exercicio profesional das/os universitarias/os.
- Mediar no mercado mediante a xestión de practicas e ofertas de emprego en empresas e institucións.

⇒ As **principais accións** que se desenvolven son:

- Xestión de prácticas externas en empresas e institucións públicas e privadas.
- Xestión de ofertas de emprego.
- Asesoramento personalizado para a elaboración do itinerario profesional axustado a cada perfil.
- Accións formativas específicas para mellorar a empregabilidade.
- Orientación e asesoramento individualizado na busca de emprego.
- Actividades grupais para a busca activa de emprego.
- Información e asesoramento a empresas na busca do perfil universitario axeitado para a realización de practicas e/ou selección para postos de traballo.
- Deseño e implementación de estudos sobre diversos temas relativos ao mercado de traballo e a inserción laboral dos universitarios/as.

CAMPUS DE VIGO

Edificio CACTI

Campus Universitario Lagoas-Marcosende 36310 Vigo.

Enderezo electrónico: ofoe@uvigo.es

Para máis información: <http://www.fundacionuvigo.es/>

2. Guía de saídas profesionais

A Guía de saídas profesionais realizada dende a Vicerreitoría de Relacións Institucionais é unha ferramenta de axuda aos estudantes que se atopa na páxina web da Universidade de Vigo (<http://uvigo.es/guiasaidasprofesionais/>) e que ten como obxectivo orientar aos alumnos/as e aos titulados/as de cada unha das titulacións sobre todas as oportunidades que poden atopar no mercado laboral.

Esta guía, na que participaron todas as titulacións e os responsables das mesmas, docentes, colexios profesionais, persoal investigador e profesionais en exercicio, sempre baixo a cobertura do marco legal de cada carreira, é de esencial referencia e orientación na procura de emprego que basea os seus contidos nun carácter práctico e de utilidade.

⇒ Para a súa facilidade de uso, ven estruturada en base a **cinco ámbitos de consulta**:

- Ciencias experimentais.
- Ciencias humanas.
- Ciencias da saúde.
- Enxeñerías.
- Ciencias xurídico-sociais.

⇒ Dentro de cada un destes ámbitos atópanse as diferentes titulacións, divididas nos seguintes apartados:

- Perfil do titulado/a: onde se da unha descrición xeral das competencias profesionais para as que cualifica a titulación.
- Áreas profesionais: os ámbitos onde pode traballar o titulado/a.
- Saídas profesionais: onde se reflicten as diferentes oportunidades laborais e postos de traballo en cada sector aos que pode optar o titulado/a dentro dos diferentes sectores coma o sector privado, o exercicio libre, a investigación, o desenvolvemento e innovación (I+D+I), a docencia pública/privada, a administración pública (Unión Europea, estatal, autonómica e local) e outros sectores específicos de cada titulación.
- Outros comentarios: aquí móstranse, por exemplo, os sectores con máis demanda de emprego, as diferentes actividades profesionais as que se poden dedicar as tituladas/os e os requisitos necesarios para exercer dentro do seu respectivo campo.
- Referencias: marco legal, localización das facultades nos campus, colectivos profesionais aos que pode acudir a titulada/o, publicacións relativas a profesión e outros enlaces de interese.
- Información complementaria: accesos, posgrao e planos de estudo.

Ademáis disto, a guía tamén conta cunha táboa de empregos orientativa por titulacións e un apartado dedicado aos “Recursos e ferramentas para a busca de emprego” onde aparecen as localizacións de diferentes entidades as que a titulada/o pode acudir á hora de buscar traballo, tales coma a Área de Emprego da Universidade de Vigo, o Servizo Público de Emprego (SGC), as confederacións empresariais, a Cámara de Comercio, a Rede EURES, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), a Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) ou a Xunta de Galicia. Tamén se pode acceder aos diversos boletíns europeos, estatais, autonómicos e provinciais.

3. OFIE (Oficina de Iniciativas Empresariais)

Obxectivos:

- Difusión e fomento do espírito emprendedor no seu contorno, presentando o autoemprego como unha saída laboral alternativa.
- Detección de proxectos cun alto contido tecnolóxico xurdidos a partir do potencial innovador da Universidade de Vigo.

Servizos:

- A difusión da cultura emprendedora e o fomento do autoemprego, cara a identificación de emprendedores/as no contorno universitario.
- A formación de emprendedores/as, orientada a fornecer os coñecementos de planificación e xestión necesarios.
- A promoción da innovación, cara a detección e avaliación de tecnoloxías comercializables e a valoración do coñecemento e a innovación con criterios de mercado.
- O asesoramento a emprendedores/as na avaliación da idea e a posterior posta en marcha do proxecto.
- A xestión de estruturas de apoio:
 - Tramitación do Programa de Apoio as Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.
 - Colaboración cos niños de empresas do Parque Tecnolóxico de Galicia, Cámara de Comercio de Ourense e Vigo e CIE A Granxa.
 - Colaboración con Unirisco Galicia SCR, cara ao financiamento de proxectos innovadores baseados no coñecemento universitario.
 - Colaboración coa rede Business Angels Network Galicia na busca de proxectos susceptibles de financiamento por inversores privados.

Datos de contacto:

Fundación Universidade de Vigo. Edificio CACTI.

Campus Universitario de Lagoas–Marcosende. 36310 Vigo.

Telefono: 986814086 / 098. Fax: 986814040.

Enderezo electrónico: ofie@uvigo.es.

Para máis información: <http://www.uvigo.es/empresa/>

G) ORI. Oficina de Relacións Internacionais

A Oficina de Relacións Internacionais creouse en 1992, cando a Universidade de Vigo comezou a participar no programa Erasmus e cando se realizaron os primeiros intercambios de estudantes e profesoras/es con universidades europeas. Na actualidade a ORI é un servizo dependente da Vicerreitoría de Relacións Institucionais.

A Oficina de Relacións Internacionais centraliza, coordina e xestiona as actividades internacionais que se desenvolven na Universidade de Vigo relacionadas con programas de intercambio de formación tanto de estudantes como de docentes.

As tarefas que desenvolve a ORI son, entre outras, as seguintes:

- Información e asesoramento a comunidade universitaria sobre os diferentes programas internacionais no ámbito da educación superior, especialmente os financiados pola Unión Europea (programa Socrates) e a Axencia Española de Cooperación Internacional (Programa de Cooperación Interuniversitaria, becas MAE).
- Fomento e xestión da mobilidade de estudantes e de docentes, en especial no marco dos programas Socrates, ISEP, Programa de Cooperación Interuniversitaria, Convocatoria de Bolsas de Intercambio Propias e Bolsas MAE.

Os estudantes da Universidade de Vigo, dende o segundo curso da carreira, teñen a oportunidade de cursar parte dos seus estudos en universidades estranxeiras. A Universidade de Vigo, a través da ORI, asinou máis de trescentos convenios con universidades europeas e grazas ao programa Erasmus os estudantes poden cursar desde un mínimo de tres meses ata un curso completo en universidades de case todos os países de Europa. O período de estudos é recoñecido a volta na Universidade de Vigo.

Nos EEUU, co programa ISEP, os estudantes de segundo ou de terceiro ciclo poden realizar, nunha universidade americana, un curso completo ou un semestre, elixindo entre máis de 90 universidades estadounidenses e unha ampla gama de programas de estudos.

Os estudantes da Universidade de Vigo tamén poden solicitar a través de internet as bolsas MAE que inclúen: bolsas para cursos de verán de linguas estranxeiras en países receptores de axuda oficial ao desenvolvemento, bolsas para estudos de posgrao, doutoramento e investigación en universidades e centros superiores estranxeiros de recoñecido prestixio, bolsas Mutis para estudos de posgrao en países iberoamericanos e para prácticas en organismos internacionais e bolsas para estudos europeos especializados e de cooperación cultural en España e no exterior. A ORI ademais difunde a convocatoria da AECI de axudas para lectores/as e auxiliares de conversa en universidades estranxeiras.

A Oficina de Relacións Internacionais difunde a información sobre estes programas internacionais de intercambio (ou de docencia) aos estudantes e aos docentes da Universidade de Vigo.

- Con respecto aos estudantes da Universidade de Vigo, a ORI proporciona asesoramento aos candidatos/as seleccionados con estes programas sobre a documentación que se lles require, información sobre a contía das bolsas e posibles axudas complementarias, información sobre as universidades de destino e a xestión das bolsas. Con respecto ao profesorado da Universidade de Vigo, facilítase información sobre os programas de intercambio de docencia, sobre bolsas de mobilidade, documentación e financiamento destas bolsas.
